

**NOTA DE PRENSA 062/23**  
**11 DE AGOSTO DE 2023**

**MEDIO CENTO DE PARTICIPANTES NO SLALOM DE SARRIA, QUINTA  
PROBA PUNTUABLE PARA O CERTAME AUTONÓMICO**

O Campionato Galego de Slalom retoma a actividade na provincia de Lugo este sábado 12 de agosto. O Slalom de Sarria, quinta data puntuable para o certame, levará aos mellores especialistas autonómicos as rúas desta emblemática localidade.

En total serán medio cento de participantes os que tomarán a saída nesta proba, que afronta a súa séptima edición coa presenza dos principais candidatos aos títulos autonómicos.

Manuel Trevín e Iván Picallo, ambos con dúas victorias esta tempada son os principais favoritos a facerse co primeiro posto na proba sarriana, aínda que non deberán perder de vista ao resto de pilotos que a bo seguro tentarán facer un bo papel como xa se viu en citas anteriores.

Aitor Coto, Fabio García, Daniel Mellado ou Pablo Castro contan tamén con opcións de subir ao podio da proba, nunha competición que terá tamén varias copas.

A competición comezará as 12:00 horas do mediodía coa primeira das mangas de adestramento. As 16:30 horas será o turno da segunda ronda de adestramento para a continuación celebrar as dúas mangas oficiais da competición.

A entrega de premios está plantexada para as 21:15 horas no Campo da Feira de Sarria, mesmo lugar onde se desenrolará o slalom e as verificacións.